



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 8 DE MAIO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: Dña. Teresa Perez Vieira

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a oito de maio de dous mil oito, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión explicando que aínda que hoxe non correspondía celebrar o Pleno Ordinario houbo acordo entre todos os grupos da Corporación para que así sexa.

SR.VILAR, CMÑ.- Como sabedes, onte faleceu un veciño de Baredo, Elisardo, que era traballador habitual do Concello de Baiona, en varias contratatas, non de plantilla; pediriamos un minuto de silencio.

Gárdase un minuto de silencio.

SR.ALCALDE.- Comentar agora un acontecemento alegre, trátase dos veciños de Baiona que foron secuestrados na costa de Africa, que están xa coas suas familias; xa comentamos con eles



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

que vai facerse unha recepción oficial no Concello e estamos á espera de que nos digan o día que mellor lles veña a para poder darlles esa benvida aquí, a sua terra.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTAS ANTERIORES: Acta de 3 de abril de 2008 e Acta de 21 de abril de 2008.

Fican aprobadas por unanimidade as actas das sesións plenarias dos días 3 e 21 de abril do presente ano, ordinaria e extraordinaria, respectivamente.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Houbo un erro na notificación da relación de ditas resolucións polo que darase conta o próximo Pleno.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE BAIONA PARA A XESTION DA GALESCOLA DE BAIONA INTEGRADA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTIS.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Marcote, PP, quen da lectura á seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo da adhesión do Concello de Baiona ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por acordo plenario de data 3 de abril de dous mil oito, por parte do devandito Consorcio se achega unha proposta de convenio para a xestión da galescola de Baiona integrada na rede galega de escolas infantís (Galescola).

Resultando que o Concello de Baiona o beiro do convenio asinado coa extinta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado procedeu a construción dun centro de atención a primeira infancia, polo que unha vez rematada é preciso determinar a súa forma de xestión.

Polo exposto proponho ós membros do pleno, previo informe da Comisión informativa, o seguinte acordo:

Aprobar o Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Baiona para a xestión da galescola de Baiona integrada na rede galega de escolas infantís (Galescola).



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- El equipo de gobierno ha decidido, tras un estudio comparativo realizado entre las diferentes escuelas infantiles en funcionamiento, que la gestión de la escuela infantil de Baiona sea llevada a cabo por el Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración con el Concello de Baiona; esta decisión entendemos que es la más acertada ya que esta entidad de derecho público, con carácter administrativo y personalidad jurídica propia, como es el Consorcio, tiene como fin primordial, y así lo especifica en sus Estatutos, en el artículo 3: a participación, a dirección, avaliación e control da xestión dos Servizos Sociais de ámbito local con especial atención á xestión integral das Escolas Infantís, en atención educativa e asistencial ós nenos e ás nenas menores de 3 anos, na forma de recursos, equipamentos, etc. Esta entidad garantiza servicios sociales públicos de calidad, la igualdad de oportunidades en la utilización de la red social de atención, y además, y de manera notable, incrementará la cobertura, intensidad y horario de atención de los servicios.

Este Convenio supone la asunción de obligaciones entre las partes; el Consorcio se hará cargo de todos los gastos derivados del funcionamiento y equipamiento de la galescola, y del acondicionamiento del entorno exterior por un importe de 114.428,52 euros. De otra parte, el Concello asume el gasto del equipamiento mobiliario por un importe aproximado de 43.000 euros y los gastos del mantenimiento general del edificio, sus exteriores, limpieza de las aulas, vigilancia y seguridad, y en su caso, otros medios precisos como son conservación y mantenimiento de las instalaciones, estructura arquitectónica e instalación de las ingenierías, mantemento das instalacións de enerxía de acometidas de enerxías e sumministracións, así como o saneamento e recollida selectiva do lixo en base á norma de Medio Ambiente, dotación e material para o mesmo, enerxías eléctricas, calorífica, outras se foxe o caso; limpeza xeral das instalacións diarias así como limpeza extras, de cristais, e mantemento de accesos ó Centro; mantemento de exteriores, axardinamentos e outros elementos integrados na estrutura do proxecto técnico do Centro, liña telefónica, ADSL, e seguridade; aportación económica que representará un tercio dos gastos totais do manteñemento da galescola. Dito Convenio terá un seguimento e unha vixilancia atribuída na Comisión Mixta integrada pola Xerencia e o Consorcio e Alcalde do Concello; a duración do Convenio será de 10 anos naturais, período no cal se cede o uso do inmovible adicado a galescola, excepto o sóto que será destiñado a usos municipais.

Este Convenio de colaboración que hoy elevamos a Pleno entendemos que va a resultar beneficioso para la población de Baiona, tanto para los padres como para los hijos usuarios de la galescola, a los que se les va a ofrecer unos servicios garantizados y una gestión con plena autonomía funcional por parte del Consorcio y una participación directa del Concello tanto en la selección del personal del Centro, en el propio gobierno del mismo, y asimismo en la selección de los alumnos. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada disculpar a ausencia da compañeira Teresa que por razóns familiares atópase fora da Comunidade.

Respecto á escola infantil, agora galescola, o partido socialista está totalmente a favor de que esté xestionada polo Consorcio porque entendemos que en principio toda a xestión pública defendémola como modelo de xestión e como garantía de calidade educativa, polo tanto sempre vamos a defender o ensino público e os servizos sociais de tipo público porque iso leva consigo unha mellor calidade e unha mellor xestión.

De tódolos xeitos isto da escola infantil é como un parto difícil, porque prácticamente, eu non sei, 4 ou 5 veces que ven ó Pleno e non acabamos de botar adiante o seu funcionamento; esperemos todos que este sexa un paso definitivo e que a partir de agora se garante que pronto vamos a inaugurar xa esta gardería que leva xa na sala de espera case 4 anos. Xa vai sendo hora de que esta necesidade que temos en Baiona sexa xa unha realidade e que por fin se bote a andar; temos que destacar ahí o esforzo



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA

(PONTEVEDRA)

da Xunta de Galiza, da Consellería da Vicepresidencia, e que grazas a este esforzo eu supoño que a partir de agora a escola infantil de Baiona sexa unha realidade. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Para nós é unha satisfacción que dunha vez por todas un servizo público como é a galescola en Baiona sexa posible, e que sexa posible ademais por unha iniciativa que o Goberno Galego, a través da Consellería de Vicepresidencia, levou a toda Galiza, a todos os recunchos deste país, e que os veciños e veciñas de Baiona poidan disfrutar e facer uso desta galescola con todas as garantías que elo supón.

Por suposto vamos apoiar a Moción, aínda que quixeramos reseñar que non entendemos que sucedeu no desenrolo desta firma do Convenio e si nalgún momento houbo un funcionario, tanto sexa a Secretaria como a Interventora, si estiveron presentes, penso que sí, según as informacións que eu teño, penso que debían estar as dúas, pero en todo caso nos seus informes expoñan que se emite un informe desfavorable á aprobación deste Convenio porque non consta o custo do servizo; eu supoño que si algunha destas funcionarias estaban presentes tiveron tempo de asesorar ó Alcalde para decirlle que faltaba esta cuestión, que era primordial para que elas emitieran un informe favorable e que se contar sobre todo para saber con canto temos que contar para o tercio que nos corresponde, sabe a canto ascende, porque si firmamos un Convenio neste caso coa Administración Autonómica, decimos que sí, e non sabemos si vamos a podé-lo pagar, aínda que supoño que sí vamos a poder pagá-lo, pero en todo caso saber con que se vai a contar. Digo eu porque se están vendo situacións estranas en Concellos onde o PP sí asinou os Convenios e despois trata de criticá-los e incluso de non cumprí-los; cando hai un Convenio de a dous, e ún deles non quer, non se firma; pero si se firma por ambas partes o normal é que cumpran o conveniado e asuman cada ún as súas responsabilidades; polo tanto non encontro moito sentido a esta situación xa que como ben dixer antes teño constancia de que sí, ou a Secretaria ou a Interventora, unha das dúas estivo presente, pero en cambio non se falou nada destas cuantías, e á hora de emitir o informe sí se fai constar que non hai partida específica para isto. Gustaríame que mo explicara o Alcalde porque non entendo ben esta situación.

SR.ALCALDE.- Como moi ben sabe vostede, todos os Convenios firmados polos Concellos que o fixeron falan de que o coste para o Concello é do 30%, 1/3, 30 ou 33%; a día de hoxe o Consorcio non sabe canto custan as galescolas, ningunha, nin a de Baiona, nin a de Nigrán, nin a de Gondomar, e polo que nós chegamos ó compromiso co xerente do Consorcio a que, como outros Concellos, figurar ese tercio que é o custo do Concello, facer un equivalente co que o Concello vai pór. O Concello non ten que poñer ningún diñeiro salvo todo o que aparece no anexo 1 que é ao que se compromete; iso claro que custa cartos: a limpeza, a seguridade (que é a Policía Municipal), o tema da emerxencia, que é o GRUMIR; o tema do axardinamento, que son operarios municipais; iso evidentemente ten un custo pero non vai a significar unha partida específica para a galescola. Iso é o que se acordou co Xerente, iso é o que está plasmado ahí, o xerente se comprometeu a pagar o que é a urbanización da parcela todo arredor desa zona, e tamén vai no Convenio; polo tanto nós confiamos pero os técnicos non so confían nas palabras, queren tamén escritos, e hai cousas que hoxe por hoxe o xerente do Consorcio non pón por escrito aínda que esté plasmado aquí, e no futuro saberemos exactamente cales son os custos reais, pero a día de hoxe non se sabe sobre ningunha galescola; de feito preguntei ó Alcalde de Nigrán fai un mes, cando xa habían firmado o Convenio, canto era o custo que ía ter para o Concello de Nigrán e non o sabía.

Polo tanto entendemos que ten que funcionar a escola infantil de Baiona, vai a funcionar, é máis, vai a funcionar posiblemente antes porque hai un compromiso de palabra e eu creo que son persoas con palabra, para poder incluso de forma excepcional a nosa petición de que pudiera funcionar en verán debido a que en Baiona moitos pais e nais traballan na hostelería e teñen necesidade de deixar os nenos unhas horas o día, posibilidade de que aínda que non fora co persoal definitivo poder facer unha excepción, e decían que era posible e que estaban baraxando que Baiona poidera contar con este servizo. Polo tanto hai cousas que están no Convenio que están bastante claras, e hai outras nas que vamos a fiarnos da palabra destas persoas que están no Consorcio posto que teñen unha responsabilidade importante e esperamos van a cumprir; pero o que está no Convenio é o que figura, que o Concello de Baiona vai pór nestes momentos todos estes servizos que evidentemente teñen un custo que é estimativo, e non é aislable ó que é o Centro,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

salvo a luz e teléfono que é un tema cuantificable, a limpeza, a seguridade, a xardinería, son temas que se irán sumando.

SR.VILAR, CMÑ.- Sempre defendimos que ese Centro tiña que ser unha galescola; foi algo que se reconducíu desde este goberno porque cando naceu o fixo sen unha directriz clara e nunca se pensou que podía ser unha galescola; nós defendemos politicamente que Baiona por seu potencial e por ser un sitio emblemático debe ter unha galescola, e creo que nesa directriz se moveu o goberno municipal. Aparte de todo iso tivemos unha xuntanza de visitar tanto a galescola como o Centro de Día, o Alcalde e as concelleiras responsables, co Sr.Lois Pérez Castrillo, que xa é un político curtido, que foi Alcalde de Vigo, e sabe cal é a realidade dos Concellos, cal é a realidade da Xunta e cal vai a ser o futuro neste tema das galescolas, nós pensamos que todo o que sexa educación debe estar en máns da Administración Autonómica, non pode ser doutro xeito, evidentemente este é un tema que o Bloque ténlo como unha bandeira; nós somos abertos a todo o que sexa potenciar o galego, incluso invitamos ó Sr.Anxo Quintana a que veña a inaugurar a galescola de Baiona, que por certo é a máis bonita das que se fan en Galiza, coas Estelas, coa Concheiras, coas Cies, francamente creo que o Sr.Pérez Castrillo non quería marchar de alí porque estaba asombrado do lugar que se lle asignou a esa galescola; polo tanto creo que o noso plantexamento é realista, nós poñemos máis do que economicamente podía ser ese tercio, e esperemos que nun futuro a Xunta vaia asumindo e collendo competencias, pero esa é unha batalla entre o BNG e o PSOE, as competencias; nós o que queremos é que nos resolvan a realidade, e creo que con ese espírito nos o que facemos é conseguir sacar adiante o tema da galescola; tamén será posible que poidan vir aquí doutros Concellos; e nese espírito de galegitude de potenciar a nosa cultura e pór os medios necesarios facemos este Convenio, benvido sexa, co apoio unánime da Corporación, que nós xa vaticinamos que así ia ser, sen ningún problema, e apostando claramente polas galescolas en Galicia, sen ánimo sectario pero sí por amor á nosa cultura. Moitas grazas.

SRA.MARCOTE, PP.- Simplemente precisar al Sr.Lores que es la primera vez que se trata y se lleva a Pleno la gestión de esta escuela infantil; no es la segunda ni la tercera. Respecto al Sr.Fernández decirle un poco más de lo mismo, que el desconocimiento de los gastos de asunción del Concello viene dado por el desconocimiento que tiene Vicepresidencia del tema, hoy por hoy.

SR.LORES, PSOE.- Da xestión realmente é a segunda porque o outro foi o Consorcio, pero eu digo que o parto desta escola infantil foi un parto difícil, empezou no goberno anterior e a partir de ahí non da saído, levamos 4 anos esperando por isto; indudablemente a xestión agora, por fin, parece que vai ben. Nós estamos totalmente a favor da galescola e por suposto o noso voto vai ser afirmativo; a única dúbida que temos é cal vai ser a situación nosa e de todos os concelleiros de votar unha proposta en contra dos informes dos técnicos, esa era unha pregunta que queríamos facer; de tódolos xeitos vamos a votar igual; pero era simplemente saber que risco hai, a nivel formal, que unha proposta se vote en contra deses informes.

Decirlle ó Sr.Vilar que vai ser difícil que as vistas entren nese tercio porque entón teríamos que pedirlle a Panxón un plus polas vistas posto que todo o turismo que vai a Panxón o fai polas vistas que ten de Baiona dende alí.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Máis ou menos me contestou o Alcalde á pregunta que lle facía pero evidentemente (e xa lle contesto tamén á concelleira) os orzamentos se fan en base a previsións, e nese tema a Interventora é unha especialista, e as veces a final do ano sí ten que facer algúns axustes, pero sí sabe calcular, eu acordome perfectamente como calculou a taxa de matrimonios cando decía o tempo que lle levaba facer papeis ó administrativo e todos os prolegomenos que isto suponía. Polo tanto eu digo que isto segue tendo un tufillo de fondo que non me acaba de convencer e esperemos que quede ahí a historia e que eu estei equivocado. En todo caso non me cadran estas historias, e por experiencia cando non me cadran é porque sempre hai algo no fondo.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Con respecto ó Sr. Vilar, agradezcolle que sexa tan claro porque resulta que sempre quixo que fora unha galescola pero hoxe foi a primeira vez que eu lle entendín; hoxe de verdade que foi o primer día, e o único, que lle entendín; o Sr. Vilar sempre ten unhas intervencións moi especiais, podemos estar dacordo con elas ou non pero son moi boas intervencións, iso é sen dúbida a experiencia, as tablas que ten; entre o manifesto que fixo hoxe e as declaracións que fixo antes de onte, ó Alcalde debe de entrarlle un tembleque cada vez que fala o Sr. Vilar que eu non sei onde vai a quedar todo isto, cada día que pasa e cada vez que vostede dí algo estou convencido que o futuro de Baiona é incerto, e cada vez máis. En todo caso me alegro profundamente de que esta actitude do goberno local vaia encaminada a resolver por encima de todo os problemas que teñen os veciños e veciñas deste Concello, isto vai supór a posta en funcionamento da galescola e do Centro de Día, non nos olvidemos de isto; vai supór para moitísimas familias unha mellora na calidade de vida impresionante, porque hai veciños que agora suplen, ou substitúen, o poder utilizar unha gardería, como están facendo agora, a base de sacrificio económico, e a galescola vai supór unha mellora importante nese aspecto, pero tamén vai a supór unha mellora moi importante na calidade de vida de moitos veciños e veciñas que están soportando (me refiro fisicamente) a atención de familiares queridos nas súas casas en situacións moi extremas, e o Centro de Día, que ten que arrancar o máis urxentemente posible, significará un alivio para a conciliación familiar. Por todo isto, nós vamos a apoiar a proposta, por suposto.

SR.VILAR, CMÑ.- Me congratula que a oposición vote tamén a favor a pesar do informe negativo de Intervención, esta é a proba máis clara de que para iso estamos os políticos, para votar en contra dos informes negativos cando estes informes lóxicamente non encaixan con algo tan importante como é unha galescola, para iso están os órganos colexiados, para iso está a decisión política; moitas veces nos alarmamos cando hai un informe negativo e se saca adiante un tema pero si fora un tema meramente administrativo non habería forma de sacar algo así adiante; trátase de decisión política.

En canto á segunda intervención do Sr. Fernández, ou non me entendeu o que quixen dicir o outro día ou parece que vostede malinterpreta; penso que o goberno é sólido, o goberno está unido, estou seguro que a intervención miña foi para o equipo redactor do PXOU que, seguramente cando vostede lea a letra pequena, vamos a estar de acordo todos, pero non só nós, senón todos os grupos políticos. Non obstante sabe que nós neste sentido de colaborar coa Xunta, esté quen esté, estamos nesa liña, esa é a actitude do goberno municipal en todos os aspectos, aínda que non nos guste porque creemos que o mellor non está sendo operativa en certos temas que afectan a Baiona e vostede ten moita culpa porque inflúe negativamente en moitos aspectos, pero non importa, esperemos que se faga bó no futuro.

SR.ALCALDE.- A verdade é que perde demasiado tempo, Sr. Fernández, nesa preocupación pola saúde do Alcalde e do pacto. Nós traemos aquí o que é importante para Baiona, que é que esta escola infantil funcione e funcione ben para que o antes posible todos os pais e nais de Baiona poidan deixar os seus nenos nunhas instalacións que creo son das mellores que hai, de feito o propio edificio está dentro dun libro que fixeron os Arquitectos de Galicia, como tamén está o Centro de Día e a escola infantil de Baiona, os dous aparecen como edificios interesantes; e non se preocupe vostede por iso, será bó na súa profesión pero como adiviño non dá unha, e recordolle palabras de que iamos a durar no primer mandato 6 meses, e duramos un pouco máis; e agora tódolos días está pensando si hai ruptura ou non.

Se procede polo Sr. Alcalde á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade dos corporativos asistentes.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:



APROBAR O CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BAIONA PARA A XESTIÓN DA GALESCOLA DE BAIONA INTEGRADA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS (GALESCOLA).

EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION RELATIVA O DECRETO DA XUNTA DE GALICIA DE DATA 17 DE XANEIRO DE 2008 POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DO HABITAT GALEGO.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Simons, PP, quen procede á seguinte lectura:

Os portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

Exposición de Motivos

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos presentamos esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de Baiona.

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuizos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG e CMÑ están a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que nestes Grupos Municipais recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o CONCELLO DE BAIONA veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Baiona insta a Xunta de Galicia a:

1. Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.
2. Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Vivenda e Solo, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

CONTINUA.- Antes de rematar a miña intervención gustárame engadir varios titulares de periódicos destes días: “A FEGAMP advierte que no se echa atrás en su recurso de las normas de Hábitat”, “El PSOE de Lugo reclama diálogo para modificar las normas del Hábitat”, “El PSOE avala las mociones de sus grupos municipales contra el nuevo Decreto de Vivienda”; dicir tamén que onte asistín a unhas xornadas de urbanismo na Deputación, onde un ponente falaba da evolución das cidades deixando claro cales podían ser os seus límites e numerándoos da seguinte maneira: en primeiro lugar falaba da cidade medieval e renacentista onde o límite claro era a Muralla; logo falou do que era a cidade industrial do século XIX cuns límites claros que dan a construción de novas rondas, autopistas e circunvalacións; ata que chegamos á cidade de hoxe en día onde non queda claro cal é o límite, por exemplo cal sería a área metropolitana de Vigo ¿chegaría ata o porto?. E para concluir facer unha similitude entre esta cidade difusa de hoxe en día coas normativas difusas que pretenden implantarnos de maneira intervencionista como poden ser estas normas do hábitat ou tamén como pudo ser con anterioridade as Leis do Litoral; quero dicir con todo isto que nos atopamos nun momento no que non se legisla nin se regula, non se sacan regulamentos, simplemente se prohibe que é moito máis fácil, moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR. ESTEVEZ, PSOE.- Neste controvertido asunto do Decreto do hábitat vou a intentar ser o máis riguroso posible e deixar a postura do PSOE suficientemente clara. Vamos a recoñecer, vai ser certo que este Decreto pode ter no seu contido máis técnico ou xurídico algunhas pequenas matizacións; pode ser nalgún caso incluso ambiguo; pode levar a influir en competencias municipais, e incluso pode non cumprir os principios de xerarquía normativa, e como ésto, con todo, é dicir hai voces autorizadas que falan desta situación e voces autorizadas que dín o contrario; o que sí quer deixar claro o grupo socialista é que está absolutamente de acordo coa entrada en vigor do Decreto e cos obxectivos do Decreto; o grupo socialista o que defende é unha vivenda mellor, máis ampla, máis iluminada, mellor ventilada, sostible, accesible, e polo

tanto unha vivenda de maior calidade para os veciños e veciñas, en beneficio dos cidadás, de interés xeral.

As pequenas matizacións do Decreto son cuestións técnicas e xurídicas, o propio Decreto conleva, en prazo dun mes, a creación do Comité Asesor técnico, formado polos Concellos, Colexio oficial de arquitectos de Galicia, promotores, construtores, usuarios, consumidores, e a propia Administración; dótase de 1 millón de euros para axudas ós Concellos para contratación do persoal técnico; é certo que quizás este Decreto tivo unha regulación na que todos os sectores implicados quizá tiñan que ter unha maior participación pero o obxectivo do Decreto é absolutamente válido, é dicir, a solicitude de derogación implica volver a un Decreto do ano 92, todavía máis antigo que o PXOU de Baiona, que estamos cambiando; e significa poder facer vivendas de 26 m² a patio interior; o grupo municipal socialista, e o PSOE en xeral, pretende que este Decreto entre en vigor, que haxa unha maior calidade na vivenda, que todos os veciños e veciñas teñan esa maior calidade nas vivendas e creo que non prohibe, regula; é dicir, o código técnico de edificación do ano 2006, o Decreto de 2007 de accesibilidade, o Decreto do Hábitat, e a inminente lei de Vivenda, é a normativa normal para poder regular a vivenda, e estamos totalmente de acordo con esta regulación, no tempo e na forma, e do mesmo xeito o Presidente Touriño falaba de flexibilidade no Decreto, e creo que a conselleira onte tamén falaba dun documento aberto, adaptable e adaptado. Obviamente estamos convencidos absolutamente de que o obxectivo do Decreto beneficia ó interés xeral e as materias técnicas e xurídicas serán, por todas as partes, correxidas, absolutamente todas. Moitas grazas.

SR. FERNANDEZ, BNG.- Antes de nada quixera dicir que unha vez máis o PP nos trae unha moción, como dixo nos seus pasados tempos o Sr. Vilar, de "cicloscyl"; quería dicir con isto o Sr. Vilar daquela, me imaxino que o segue mantendo, que é unha moción preparada polo PP en batería para presentar en todos os Concellos cun único ánimo: acoso e derribo ó Goberno autonómico; se están acercando as eleccións autonómicas e hai que fomentar o acoso e derribo do goberno do Sr. Touriño e Sr. Quintana para ver si deste xeito volven outra vez a catar o goberno autonómico que tanto botan en falta. Non é unha cuestión nin de revancha nin de vinganza, nin máis nin menos é unha cuestión ás normas do Hábitat galego de mellorar a calidade das vivendas e polo tanto a calidade de vida de todos os galegos e galegas. Cántas veces calquera dos presentes foi a comprar unha vivenda neste Concello e se atopa cunhas calidades na construción de rebaixa, calidades de miseria, pilares no medio das habitacións, en esquinas que exixen unha verdadeira galimatías para amoblar calquer habitación, vivendas onde non entra a luz do día nas 24 horas, vivendas dun espazo ou dunha formas nas suas habitacións inexplicables e inutilizables, e en moitos casos incluso con garaxes onde non entra ningún tipo de vehículo pero sí cubre o expediente para poder legalizar e dar de alta ese edificio, ¿cántas veces nos vimos nesa situación?. Iso é posiblemente factible no 3º Mundo, en África, pero no ano 2008 iso en Europa non se pode consentir en ningún dos países, pero é que en Europa, no centro de Europa, non o levan consentindo dende fai moitísimos anos, é dicir, nos países máis avanzados existen normas de hábitat de fai moitísimos anos, e esta norma de hábitat que se presenta polo Goberno Galego en moitas cuestións está co mesmo texto que as normas europeas; o que nos parece agora aquí descabellado, posto que en Inglaterra, en Suecia, en Alemania, en Francia, en Holanda, levan esixíndoo fai moitísimos anos, porque os gobernos daqueles países aos arquitectos e aos



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

promotores non lle deixan facer o que lles da a gana, teñen que rexirse por unhas normas. Ata o día de hoxe calquer proxecto de calquer estudio de Arquitectura, uns máis e outros menos, que caíra nas nosas mans, incluso de vivendas unifamiliares, se pode comprobar que o que se dibuxa na documentación non ten nada que ver en absoluto co que se reflexa na realidade, e falo pola parte que me toca, por exemplo; as

instalacións eléctricas que se xustifican nos proxectos nunca teñen nada que ver co se plasma na realidade, é máis, as que se plasman no proxecto normalmente son cuestións xenéricas que se copian, hoxe en día, calcándolle a un botón, e se acompañan ó proxecto e se xustifica; agora non vai poder ser así, agora a instalación de fontanería terá que dicir o arquitecto por onde ten que ir, a instalación de electricidade terá que dicir o arquitecto por onde ten que ir, é dicir, inicialmente isto vai supór un esforzo importante para eses técnicos, e por suposto os promotores non van a poder facer o que lles da a gana como estiveron facendo ata o día de hoxe mantendo unhas calidades na construción pésimas, ata tal punto que na maioría dos casos ó cabo do ano de entrar os propietarios nas edificacións empezan con reclamacións porque racha unha ventana, ou unha

parede, ou racha o piso.

Que exista unha normativa na edificación é positivo, iso temos que vélo todos así, e o goberno galego quer darlle ese enfoque a esta cuestión; o goberno galego esixe nestas normas unhas vivendas máis amplas, con máis superficie, porque ademais ata o día de hoxe nunca foron tan pequenas as vivendas e tamén nunca foron tan caras; vaise esixir que a iluminación sexa natural e que as vivendas sexan máis soleadas, que sexan máis accesibles para a xente maior e tamén para a xente impedida, e que por suposto, e neste nós vamos a ter sorte porque temos un Plan Xeral nunha fase apropiada, as vivendas deben estar mellor integradas no territorio e non como se facía ata agora que se encaixaban de tal xeito que era imposible que toda esta normativa se poidera realizar, e algún dos exemplos e que o incremento da superficie pasa de 26 a 40 m², para todas as vivendas, pero é que esta normativa de vivenda mínima de 40 m² xa existe neste país dende o ano 1978 para as vivendas de protección oficial, esa norma xa existe agora mesmo; o incremento é en todas as estancias, a cociña de 7 pasa a 9 metros, o dormitorio dobre de 10 a 12 (un 20% máis); a zona de estar, comedor e salón, de 16 a 21; e o baño, de 2 a 5 m², para que poida usálo incluso unha persoa minusválida en cadeira de rodas. Os patios interiores pasan de 9 a 16 m², o mesmo que recollía o Decreto do ano 1978 para vivendas de protección oficial, exactamente igual; e o ancho dos corredores, das portas, e a altura tamén, se lle aumenta considerablemente; todas as estancias, excepto algún espazo que creo que son os baños, teñen que ser exteriores; os ascensores deben comunicar á vivenda co garaxe, e os garaxes deben ter espazo suficiente para saír e poder esperar para incorporarse á calzada sen invadir a beirarrúa, incluíndo tamén a dimensión máis grande das plazas de garaxe.

Por suposto que todas estas cuestións, como poideron comprobar, van todas en beneficio dos usuarios, dos veciños e veciñas de cada pobo; e non é certo que sexa unha normativa intervencionista porque non invade ningunha competencia municipal en ningún dos casos, non o fai; o que sí supón, evidentemente, é que os plans xerais se condicionen a este tipo de normativa, que é unha cuestión moi distinta; nós, nese caso, estamos nunha situación privilexiada por ter o Plan Xeral e poder adaptálo a este tipo de normativa. A nós resultanos sorprendente, inaudito, que unha forza política como é o PP se opoña e pida a derogación dunha norma do Goberno Galego que soamente pretende mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas con vivendas de máis calidade; esta normativa está pensada para os veciños; e por suposto que a idea á que nos leva a proposta do PP é que unha vez máis o PP se pón do lado de intereses particulares, que neste caso son os promotores inmobiliarios, en contra de querer unha mellor calidade de vida para os veciños e veciñas, así de claro.

Nós por suposto vamos a votar en contra da Moción, Sr. Alcalde, porque ademais creemos que o Decreto vai beneficiar sen dúbida ningunha a todos os veciños e veciñas de Baiona porque Baiona é un claro exemplo do que non se debe de facer: seguir construíndo vivendas para estar baleiras mentras os veciños e veciñas teñen que acudir a Concellos limítrofes para poder ter unha vivenda digna; nós confiamos no traballo da nosa compañeira Teresa Taboas, e confiamos tamén no traballo e nas propostas que está levando a cabo o Goberno Galego dende a Xunta de Galiza, e polo tanto vamos a rexeitar esta moción. Nada máis, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- A compañeira, pouco; e promotora ata que foi Conselleira, recórdollo.

SR.VILAR, CMÑ.- Quero empezar pola última intervención do Sr.Fernández, que por certo, é un gran defensor das tesis do BNG a nivel galego, como non pode ser doutro xeito, pero en cambio como portavoz do BNG da realidade política de Baiona creo que rematou cunha frase que tira por terra todos os argumentos que fixo; di: “Baiona é un claro exemplo do que non se debe facer, hai veciños que teñen que ir a outros Concellos porque as vivendas en Baiona son caras”, eu non desminto nada, é decir, as vivendas



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

son caras porque son vivendas de calidade, porque están situadas nun Concello no cal se edifica con arreglo a un Plan Xeral, con arreglo a unha normativa, e evidentemente son caras porque son vivendas de calidade, en xeral; ¿qué ocorre con isto Sr.Fernández?, que a normativa que fixo a Xunta de Galicia é unha normativa que en teoría é para mellorar a calidade da vivenda, pero soamente en teoría, porque claro, todo iso vai encarecer tamén a vivenda. A vivenda, cando é colectiva, ten que ter unhas calidades mínimas, pero non unhas calidades de excelencia porque a veces o que fan estas calidades de excelencia é facer a vivenda máis inaccesible para os que realmente a necesitan; eu recordo cando dende o goberno da Xunta, e do propio Estado, se falaba dos mini pisos como unha solución á vivenda, pero claro, entre o que era a política dos mini pisos á política de

excelencia de calidade hai un abismo. Polo tanto creo que no término medio é onde está a sensatez, creo que hai que facer vivendas planificadas basadas no planeamento urbanístico, isto é fundamental, e todos sabemos que nun Plan de Ordenación son moitos os Organismos que interveñen e por suposto toda vivenda ten unha normativa.

Con relación ó tema de Baiona, a mín gústame ser político municipalista e ter miña realidade, somos dos poucos Concellos que ofrecemos á Xunta de Galicia a posibilidade de facer vivenda de protección autonómica, e posiblemente aquí en Baiona estemos no ranking dos 3 ou 4 Concellos galegos que máis vivendas ofertaron en proporción ó chan disponible á propia Consellería de Vivenda para facer vivendas de protección oficial, e xa sei que se poderían facer moitas máis, pero se ofreceron as xustas e necesarias, e ¿se poden ofrecer máis?, sí, pero no lugar adecuado; e por iso eu me pregunto ¿con esa normativa poderíamos ofrecer neses bloques o mesmo número de vivendas?, posiblemente non, posiblemente quedarían reducidas a un 50%, porque todo isto da orientación da que vostede falou e que en teoría está moi ben: vivendas soleadas de cara ó sur, todos sabemos que Baiona é un Concello orientado ó norte, si todas as vivendas que se constrúen en Baiona teñen que adaptarse a esta normativa posiblemente quedarían inutilizadas máis do 50% das vivendas que teñan orientación Norte; isto é así, eu o consultei con xente que se mira afectada e mo corroboraron varios déles, que isto é un tema que en teoría funciona moi ben e pode ser si se adapta a Europa, pero non se adapta posiblemente á realidade galega, non se adapta a aquelas Vilas, e falo de Vilas porque é a nosa realidade, que teñen unha vocación urbana como é o caso de Baiona. Vivenda unifamiliar, co seu xardín, iso pode ser en calquer sitio, pero non é a nosa realidade de Baiona; a nosa realidade é a de vivenda colectiva, da calidade, adaptada a un entorno, que ten un Plan Xeral vixente, Plan Xeral que se vai a renovar e ten un casco urbano e unha vocación urbana como é o caso de Baiona.

Polo tanto creo que vamos a ser un Concello moi perxudicado por esas normas, e teño que felicitar á concelleira Ana Simons, Arquitecta, que ademais presentou unha moción non de “cicloscyl”; non, unha moción que de feito fala de que acudiu a cursos e simposiuns de Arquitectura, e onde nos plantexa unha serie de realidades do que é a evolución das cidades, no que coincide con ela plenamente; é unha persoa que está ó pé do cañón coa nosa realidade e me merece un respecto e unha confianza, polo tanto creo que senón foxe así esta moción non se presentaría.

Como moi ben se dixo, incluso a propia FEGAMP, os propios Alcaldes do PSOE se miran afectados, ¿qué pasa?, que aquí agora onde non goberna o PSOE lóxicamente ten que facerse causa común co BNG, iso é estratexia política, pero si o PSOE estivera aquí gobernando avalaría esta moción e o faría no seus xustos términos, de iso non lle quepa a vostede dúbida, non lle quepa dúbida; e si gobernase o BNG vostedes estarían bramando e criticando contra isto porque realmente lles ía prexudicar os seus intereses de

gobierno. Polo tanto, dende o noso punto de vista non temos máis remedio que apoiar esta Moción, e creo que a propia Xunta de Galicia tería que modificar este tema, porque mire vostede, a intervención do portavoz do BNG foi catastrofista que nos levou o tema do Urbanismo a unha situación extrema, en cambio a intervención do portavoz do PSOE, Rafael Estévez, que di “hai unha serie de matizacións técnicas que se van a corrixir, de iso se trata”; fíxese vostede, iso significa que non están de acordo co Decreto, non o están: “hai que corrixilo”, o que significa que está mal. Creo que os voceiros dos partidos que están na oposición lles falta valentía política, terían que enfrentarse e ser voces críticas porque sendo así tamén se constrúe partido, pero vostedes están sumisos a unhas directrices do bipartito dos dous Presidentes, como decía vostede: Touriño e Quintana, 2 Presidentes, palabra de Xose Enrique: “a Xunta de Touriño e de Quintana”; aquí xa chegamos á bicefalia ata tal punto que en Galicia non hai un Presidente da Xunta, hai dous, palabras do Sr.Fernández.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Dende o noso punto de vista apoiamos a Moción por coherencia, por sensatez, porque defende os intereses de Baiona, e non somos partidarios do crecemento planificado, hai que planificar para crecer ordeadamente, esa é a política que se fixo en Baiona, que se ven facendo e que queremos seguir facendo, pero tamén nos fastidian todos estes decretos que surxen sen orientación, sen planteamento, da Xunta de Galicia, sen coherencia, sen ningunha directriz, hoxe fai o Bloque unha moción e o PSOE o apoia por mantér a unidade de goberno; en fin, non nos parece serio e por este motivo os Concellos nos temos que rebelar dalgunha maneira contra este tipo de Decretos e por iso a presentación destas mocións para que polo menos se nos escoite a nosa voz. Aprobamos, convencidos

plenamente, esta Moción, porque creemos que é o mellor para Baiona e para o municipalismo galego; moitas grazas, Sr.Alcalde.

SRA.SIMONS, PP.- Moitas grazas, Manolo, polas tuas palabras, simplemente engadir e matizar algúns temas concretos. Respondendo ó Sr.Xosé Enrique Fernández, decirlle que o gran aumento da altura e de 10 cms, pasa de 2,50 a 2,60, non creo que tampouco sexa un tema de debate, pero sí que hai algúns puntos totalmente incongruentes como vou a citar directamente, unha cousa son as normas de hábitat que é o que ten que cumprir unha vivenda en termos de habitabilidade, e outra cousa é cando esa habitabilidade sae fora da vivenda, que é o que está ocorrido; así en *“Integración na paisaxe”* fala de materiais e cónes, e di: *“nos casos no que o entorno das vivendas unifamiliares ailladas sexa dominante a utilización de materiais tradicionais como a pedra, a tella, ou a lousa, poderanse utilizar nas novas intervencións estes materiais como elemento integrador sen adoptarse solucións mimétricas ás arquitecturas existentes”*, e 2 párrafos máis abaixo di: *“asesmo se valorará a utilización de cubertas axardinadas que faciliten a integración da vivenda unifamiliar na paisaxe”*, é un pouco difícil, como non se poña unha árbore nun teito inclinado, é difícil mantér o que dí a normativa da Lei do Solo de mantér o de vivenda unifamiliar de tipoloxía tradicional cunha cuberta axardinada, creo que é bastante difícil.

Tamén hai que falar da repercusión no que é a orientación, como dixo Manolo, si as vivendas teñen que dar a un frente mínimo de 5 metros, por exemplo, para poder obter unha licenza; os viais os regula o planeamento, non a Lei de habitabilidade; é difícil tamén que no mes de decembro no comedor, ou no salón, haxa horas de soleamento cando ao mellor eu na miña vivenda quero ter vistas ó mar, e no caso de Baiona as vistas ó mar están orientadas totalmente ó norte; entón creo que a habitabilidade é unha cousa, e estamos totalmente todos de acordo con que hai que mellorar porque os mínimos na Lei do 92 convertíronse en máximos, nese tema estamos completamente de acordo, pero que rixan o que teñan que rexir e non extrapolar e sair a outras normativas como pode ser a Lei do Solo; estamos nun momento totalmente difuso e o volvo a repetir porque é así. Moitas grazas.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Sr.Vilar, a mín tamén meréceme un profundo respecto Ana Simons como concelleira e como arquitecto, e unha absoluta confianza; vostede no principio da súa intervención dixo

que non lle queda máis remedio que apoiar a moción, ó final recalcou que xa estaba convencido, e a Xunta de Galiza dixo vostede que ten que modificar; eu vou intentar ser outra vez riguroso e serio, creo que a miña intervención foi moi clara, é dicir, o Partido Socialista defende unha vivenda de calidade, máis ampla, máis ventilada, máis accesible, etc, etc, e reconece que sí existen diversos criterios, técnicos ou xurídicos, mellorables; repito o do Comité técnico asesor que se vai a constituir no prazo dun mes dende a entrada en vigor do Decreto; repito o das axudas en subvencións; pero o que non compartimos, e que vostedes propoñen, é a derogación; a derogación implica unha volta atrás, unha peor vivenda, é o que non compartimos, e de ahí o noso apoio á vixencia do Decreto.

Analizando rigurosamente, e incluso obxetivamente, as manifestacións e argumentos do PP a través do seu portavoz Núñez Feijoo, e de Pilar Rojo, primeiro, o Sr.Núñez fala de que él se compromete a derogar o Decreto de habitat tra-las eleccións autonómicas, ¿para qué presentan a Moción?, ¿non confían nel?. Despois se fala de que é intervencionista e discrecional; toda medida normativa dun Goberno é intervencionista en maior ou menor medida, e discrecional, de acordo a unha orientación política, igual cunha Ordenanza do Concello de Baiona, intervén na vida pública e é discrecional, de acordo a unha orientación e a unha ideoloxía.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

O Sr.Núñez Feijoo fala de que é tan intervencionista o Decreto que o Decreto de Hábitat catalán ten 13 follas e o de Galiza 70 follas, bo, pois a partires de agora, por peso, facemos as normas; e por certo, non son 70, son 41.

Dí que encarece a vivenda un 30%, ou un 28, ou un 42; é dicir ¿o consumidor vai a soportar o encarecemento da vivenda?, non, ¿o promotor?, non; ten que baixar o prezo do solo, que creo que en iso estamos de acordo, e que vostedes

o reivindicamos nos últimos tempos; pero non os consumidores nin os promotores; creo que nos últimos 10 anos de goberno do PP na Xunta de Galiza a vivenda subiu un 300% e non fixeron Decretos de habitat.

Tamén se fala de que vai a paralizar o planeamento urbanístico en vigor e o que está en desenvolvemento, non se poderán facer máis normas que afecten ás normas urbanísticas, porque sempre vai afectar a normas deste tipo.

Para finalizar, deixar moi clara a nosa postura, é certo: detalles técnicos de criterios poden estar confusos, sí señor; ambigüidade nalgún principio de xerarquía normativa, pode incluso afectar ás competencias municipais, certo; pero o PSOE está convencido da vixencia deste Decreto e do que significa, de pisos mínimos de 40 m², e todos exteriores, cociña con luz natural, pasillos dun metro de ancho, portas de 80 e cun alto de 2,10, teitos de 2,40; pero repito, derogar significa volver ó pasado, romper a cronoloxía normativa da vivenda, e polo tanto, ter vivendas inferiores.

Tamén falamos de avalanchas de licenzas; en Baiona non; están suspendidas, non nos afectaron; e vostede creo que como Arquitecta é membro do COAG, que está de acordo co Decreto; a Xunta de Goberno do Colexio, en 14 de abril, ten un acta onde é moi claro, e creo que non ten que confesar con eles nin é sumisa coa Xunta de Goberno do Colexio; pero lle digo que a súa Dirección patronal do Colexio está de acordo, é público, e que vostede pode ter outra opinión, por suposto.

O PSOE defende a vixencia do Decreto do Hábitat, a súa entrada en vigor, e defende tamén que os sectores implicados teñen que corrixir e adaptar como documento aberto e flexible eses pequenos criterios ou deficiencias técnicas ou xurídicas; o noso voto vai ser en contra da Moción porque vostedes piden a derogación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Contestarlle á compañeira Ana Simons para decirlle que falou antes dunha contradicción suposta e evidentemente depende de como se interprete, cada ún fala da feira según lle vai nela; estou seguro de que ese parágrafo que leu antes cun pouco máis de experiencia e imaxinación vai resolvélo, nos casos que lle aparezcan, e nunca menosprece 10 centímetros porque 10 cms a veces son moi importantes, depende do que se fale.

Sr.Alcalde, antes de nada decirlle que a Teresa Taboas a considero compañeira e moi boa compañeira, porque ademais asistiu en Baiona á presentación da miña candidatura.

SR.ALCALDE.- Decía a compañeira porque creo que en principio non estaba afiliada ó BNG, en principio. Pero promotora ¿tamén me pode decir si é, ou era, promotora?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Para nós é unha compañeira máis; xa lle teño dito moitísimas veces que como norma non solo mezclar as situacións persoais das persoas coa vida política, son cuestións distintas; e lle podo asegurar unha cousa: Teresa Taboas, Arquitecta, non sei si promotora, a verdade é que o descoñezo, pero dende logo que non está no posto polo soldo que ten, iso llo podo asegurar, porque en iso sí que está sobrada por situación ou por circunstancias familiares, iso non o sei, pero sí que está sobrada; non está no posto por cuestións económicas.

Agora vou co Sr.Vilar porque como él dí, senón hai debate entre nós, non hai ambiente no Pleno; vou contestarlle a unhas cuantas afirmacións que fixo que por suposto non estamos de acordo, as vivendas en Baiona non son caras pola calidade, saes fora e ves o que hai, agora mesmo se están dando circunstancias de certa calidade en certos promotores inmobiliarios pero aquí viñeron algúns promotores a forrarse, de tal



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

xeito que aquí se encareceu a vivenda pola especulación que houbo co chan; un piso que no ano 2000 valía 14 millóns de pesetas, un piso de 3 habitacións, 14, 15, 17 millóns, agora mesmo non o atopa por menos de 60, 70 ou 80 millóns de pesetas; a calidade podo variar un pouco: meteron fachadas de pedra e algunha cousa máis, parquets, tarima flotante (que non podemos valorálo como unha calidade excepcional), pero non corresponde o gasto que tiveron incrementado nesas edificacións coa calidade nin co prezo que nos poñen no mercado, esa é unha realidade; aquí o que máis se deu foi a especulación, o solo, especular co solo, iso foi o que fixo subir a vivenda, e para iso no PP que gobernou antes neste Concello nunca tomaron ningún tipo de medida, nunca, ata hoxe nunca.

Presume vostede de que é o Concello que máis vivenda social promove, as xustas, pero non chegan, Sr.Vilar, por iso a Conselleira Táboas cando estivo aquí fai 1 ano na presentación da miña candidatura propúsolle ó goberno local que a parcela dos Tendais a sacaran para realizar nela vivendas de promoción autonómica, pero vostedes non queren facer vivendas deste tipo; teñen o terreo, está listo para empezar a traballar, pero para vostedes non é unha prioridade que veciños menos pudientes de Baiona teñan un piso no centro de Baiona, interésalle máis facer un Auditorio, que a ver como o fan, porque ao mellor estamos falando de ilegalidades, a ver como son capaces de encaixar ahí un auditorio.

E claro que hai diferenza entre as Vilas europeas e Baiona, pero alí teñen menos problemas que aquí para rehabilitar un edificio e para facélo adaptable ás normas que teñen alí, que son as que queremos facer nós aquí; pero o fan; o que pasa é que claro, non se gaña tanto, e costa máis.

Este documento que se presenta como Decreto quero recordarlle que Teresa Taboas dixo claramente que había habido un período de conversas con todos os sectores implicados e que se habían recollido todas as inxerencias de todos eles, se habían estudado e plasmado no Decreto; de tal xeito, como decía o compañeiro do PSOE, que o COAG avala este Decreto; e iso está asinado, lle guste ou non lle guste, iso está asinado; pero non soamente o Colexio de Arquitectos, máis colectivos, moitos máis colectivos.

O Decreto en realidade ven a resolver o que vostede decía fai uns minutos: facer un crecemento planificado e de calidade para os veciños e veciñas que compren un piso; e que en realidade cando o compren teñan a seguridade de que non van a ter os problemas que se dan hoxe en día, como decía o principio, como topase un pilar no medio dunha habitación o que supón unha odisea á hora de decorála e facéla funcional; así hai moitos casos en pisos que se compran de barbaridades nas divisións horizontais dos edificios, verdadeiras aberracións; e iso agora vai estar controlado e regulado, é decir, vai estar planificado, isto é moi importante.

Eu nunca dixen que na Xunta de Galiza houbera dous Presidentes; teño oído que en Baiona hai dous Alcaldes, pero non na Xunta dous Presidentes; na Xunta de Galicia hai un bipartito cun Presidente e un Vicepresidente, e cada ún sabe moi ben o que ataíne ás súas competencias. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Que eu sepa hai un Alcalde soamente. Con relación a esta intervención, Sr.Fernández, sobre todo cando fala da realidade de Baiona, que ó fin e ó cabo é o que temos que debatir, quería decirlle o seguinte: mire, é certo que os pisos en Baiona se dispararon, pero un piso a veces se dispara no prezo non

só polo valor material do piso, ou da vivenda, senón polo valor que vai adquirindo o seu entorno; por sorte, Baiona é un entorno privilexiado, con importantes paseos, con importantes zonas de ocio, con algo que se coidou dende o goberno municipal e dende o planeamento, e cando un piso está ubicado nun entorno tan privilexiado con fáciles accesos á autopista, con boas comunicacións, todo iso encarece a vivenda; e nunha economía de libre mercado todo o mundo quer comprar e ter un piso en Baiona; desgraciadamente aínda que sexa para utilizar nunhas determinadas épocas do ano, e teñamos que padecer iso de que sexan vivendas deshabitadas e vivendas de temporada, pero isto é unha realidade que nin vostede nin este goberno van a poder facer nada por evitar, porque esa é a realidade dun Concello de Excelencia Turística como é Baiona, por sorte para todos porque ó fin e ó cabo creo que ún dos obxectivos de calquer cidadá é vivir nun entorno agradable, incluso cando se sae á rúa. Na miña política nunca me caractericei por facer vivendas de pouca calidade, é máis, vostede recorda que en Sabarís, cando fora o PERI IV ou o PERI V, nós propuxemos unificálo para conseguir máis calidade nas zonas de equipamento que naquel momento pois non se quixo porque faltou decisión política do Alcalde que gobernaba que era do PSOE, e un Pleno incluso se interrompiu co obxecto de defender sempre a calidade que a nós nos compete, que é a calidade dos servizos públicos, iso é o que fai que se encarezcan as vivendas. Por iso non só suben as vivendas polo valor material das mesmas senón polo seu entorno, que lle quede claro.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

En canto ó tema dos demais equipamentos, a mín me parecería unha auténtica barbaridade aumentar a densidade da vivenda nunha zona como os Tendais que xa de por sí ten unha densidade alta, e que calquer parcela require equipamento, iso vai en mellora da calidade de vida de todos os veciños que vivimos aquí neste fermoso pobo. Non se poden facer vivendas porque sí, senón que hai que facélas naqueles sitios que non estén masificados, por iso as vivendas sociais hai que distribuílas; e creo que a zona dos Tendais non é o sitio máis apropiado para aumenta-la densidade de poboación.

Eu sí quero facer unha manifestación porque eu non teño intereses urbanísticos, unha cousa é a opinión da directiva dun Colexio de Arquitectos, e outra é o que pensan a maioría dos arquitectos; a FEGAMP é distinto porque representa ós Concellos; pero as directivas hoxe en día se sabe que están moi politizadas e todo depende de como mamen esos arquitectos, non sei si me entende o que lle digo; si son arquitectos que están mamando da Xunta de Galicia e fan proxectos públicos por suposto que non se van a rebelar contra a Xunta de Galicia, iso vostede o sabe; en cambio, se son arquitectos que teñen que, dalgún xeito, vivir dos promotores, ou da iniciativa privada, pois pensarán doutro xeito; polo tanto esa opinión do COAG é unha opinión moi relativa.

A FEGAMP me merece un respecto porque en principio son representantes dos Concellos; o proceso é distinto; hai unhas eleccións municipais reguladas, e logo se crea unha pirámide como consecuencia do sistema democrático.

Simplemente dicir que despois de escoitadas todas as opinións, nós nos reafirmamos no noso voto favorable á Moción.

SRA.SIMONS, PP.- No iba a dicir de quien eran las palabras dichas anteriormente sobre la evolución de las ciudades pero ahora voy a hacerlo: el ponente era Celestino García Graña, decano del COAG; y vou a dicir alguna más que también dijo que fué que “el urbanismo debería hacerse en 2 años (hablando de los planes generales) y no en 8 legislaturas”, añadiendo que no quería que fuera un titular de periódico, pero sí necesidad de rapidez e rehacerse continuamente; con ello puso el ejemplo de la ciudad de Barcelona donde hace 30 años que no aprueban un Plan General, simplemente van haciendo las modificaciones que consideran pertinentes, y es lo que se pedía del Hábitat, causa por la cual pedimos una derogación porque no se adapta a muchísimas cosas que están en otros términos, entonces, de hecho, tienen ó que reajustarla ó volver a empezar.

Y hablando del colectivo de Arquitectos, a lo mejor no estáis enterados, pero en La Coruña, en el COAG, cuando fueron a hacer la ponencia y explicación de la Ley del Hábitat porque hay unos cursillos para los colegiados, a los cuales no se asiste porque no te dicen nada, simplemente leen el título de las normativas del hábitat, y valen dinero, entonces en esa reunión los colegiados de La Coruña que no

están tan politizados a lo mejor como los de Vigo, casi pegan a los que estaban haciendo la explicación del hábitat; entonces no creo que seais los más apropiados en hablar de lo que dice o deja de decir el Colegio de Arquitectos porque a lo mejor las cartas del Colegio las recibo yo personalmente. Muchas gracias.

SR.ALCALDE.- O sr.Fernández encántalle falar, debe ser que nesa casa tan pequena, tan micro-piso que ten, non lle deixan falar, e ten que vir ó Concello a falar.

Unha precisión, o PP non defende ós promotores, o que defende é a propiedade privada, iso sí o defende o PP como supoño que vostede tamén defende a súa propiedade; e decir que todas as ideas que comentaron aquí tanto Ana Simons como Manolo Vilar foi dito polo presidente da FEGAMP, D.Carlos Fernández, que é Alcalde, dende fai anos, de Ames, polo PSOE; quero decir con isto que non estamos falando aquí dun tema puramente, como decía o Sr.Fernández, político. O punto anterior se votou a favor da galescola porque entendemos que é bó para Baiona e neste punto dende logo CMÑ e PP van a votar en contra desta norma porque creemos que é perxudicial para os intereses dos veciños de Baiona, simplemente por iso.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 7 (5,PSOE, 2,BNG).



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

APROBAR A MOCION RELATIVA O DECRETO DA XUNTA DE GALICIA DE DATA 17 DE XANEIRO DE 2008 POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DO HABITAT GALEGO.

5.-MOCIONS.

5.1.- MOCION URXENTE DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRESENTA O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA A SEGUINTE MOCION DE URXENCIA SOBRE A ADICATORIA DUNHA ROTONDA DA PARROQUIA DE SANTA CRISTINA SITA NA AVENIDA DE SABARIS CO CRUCE DO CAMIÑO REAL, AOS IRMANS LUIS LOPEZ LUIS E JOSE LOPEZ LUIS, COÑECIDOS COMO “OS INESES”.

Un dos episodios máis sangrentos da guerra de 1936 foi o que aconteceu unha mañancilla do 16 de outubro de 1936 na coñecida como Enseada da Bombardeira, no quilómetro 58 da estrada Pontevedra-Camposancos, e dende o tráxico suceso coñecida popularmente como “A Volta Dos Nove”, one nove persoas foron vexadas, humilladas e asasinadas impunemente.

Vinganza era o que buscaban os asasinados naquela triste madrugada. O desencadeante do asasinato foi a persecución de dous dirixentes da sociedade obreira de oficios varios de Sabarís: luís López Luís e José López Luís. Irmáns, fillos de Inés Luís Mosquera e de Luis López Martínez. Pola nai eran coñecidos como *Os de Inés ou Os Ineses*. Tiñan unha pequena explotación agraria mesmo fronte aos espléndidos petroglifos de Outeiro dos Lameiros.

Os dous irmáns, Luis de 46 anos e José de 41, estiveran en América e regresaran con ideas progresistas e ecoloxistas. Eran vexetarianos e un deles impartía clases de esperanto aos labregos.

O maior de ideoloxía socialista, o máis novo, anarquista. Ao triunfar o golpe militar agocháronse en varios lugares ata que decidiron esconderse na casa dun señor maior e cego, Ventura Pérez, coidado por Dolores Samuelle Alvarez, coñecida como Perfecta. As pescudas dos falanxistas, inspiradas polo tristemente coñecido Cabo Pena, comandante do posto da Garda Civil de Baiona, tiveron éxito e as sospeitas de que alí estaban Os Ineses fóronse confirmando porque Perfecta levaba moito pan e o xornal que non podía ser para ela que non sabía ler nin para o cego.

O cabo Pena e o falanxista Refojos entraron na casa e toparon os dous irmáns. Un deles disparou e feriu a Refojos que morreu dous días despois.

A Pepe matárono nunha viña preto da casa de Ventura e a Luis contra a tapia do camposanto de Sabarís. Os falanxistas mataron tamén a señora Perfecta, de 71 anos, e para humillala enterrárona entre os dous irmáns nunha foxa do cemiterio civil.

O grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación de Baiona da seguinte MOCION:

- Adicar a rotonda ou glorieta da parroquia de Sta.Cristina sita no cruce da Avenida de Sabaris co camiño Real aos irmans López Luís, pasando a denominarse *Rotonda dos Ineses* ou *Glorieta dos Ineses* en recoñecemento a estes dous irmáns fillos de Sabarís e como dicía o “Faro de Vigo” do 15 de outubro de 1936: “Coñecidísimos nesta comarca pola significación extremista e desempeñando un deles o cargo de tenente de alcalde de Baiona”.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- A urxencia creo que xa non fai falta explicála porque foi presentada no anterior Pleno e como non foi aprobada a urxencia a metemos por rexistro o día 4 e según nos comentou o Alcalde houbo un despiste e non se incluíu na Orde do Día de hoxe.

Sometida a Urxencia a votación polo Sr.Alcalde, resulta aprobada por unanimidade.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Esta é unha moción que creemos é de xustiza para unha xente que foi brutalmente asasinada naquelas datas e que tivo unha repercusión tremenda en todo o Val Miñor, merece o recoñecemento dunha Corporación como neste caso é a de Baiona, e darlle un lugar axeitado, así como cando se fixo nun anterior Pleno o recoñecemento a unha persoa querida por todos tamén, neste caso era un militar nacido en Sabarís e cunha carreira exemplar, e sobre todo, por encima de todo, un bó veciño. Estes tamén son bós veciños, sufriron na súa pel a barbarie do asasinato, e creemos que temos unha débeda pendente con eles; sería moi positivo para todos os veciños de Sabarís e para todo o Concello de Baiona adicarlles unha glorieta como ésta. Por iso pido o voto de todos os grupos.

SR.RODAL, PP.- Fai escasos 30 días, como comentou o Sr.Fernández, aprobouse por toda a Corporación Municipal outorgarlle ó Sr.Santos Peralba unha glorieta que ten o nome de Glorieta do Xeneral do Aire Santos Peralba; quedamos toda a Corporación en que lla outorgabamos por ser fillo

predilecto, ter un historial militar ilustre, e sobre todo por ser embaixador de Baiona en todas partes do mundo onde él estivo, e tamén a fixemos en tempo e forma; forma, porque se fixo aquí, e tempo porque realmente facía pouco meses que había falecido. Non me parece de recibo, xa o comentaba o Alcalde no Pleno anterior, que se presentase no mesmo Pleno unha alternativa, ó mesmo que a Feria de Abril, se presentou unha alternativa no mesmo Pleno; vostedes estiveron gobernando ano e medio e poideron outorgarlle esta rotonda ou glorieta a esta xente, sexan como dí o Sr.Fernández uns bós veciños pero bós veciños hai moitísimos, obviamente vostede comenta aquí que ún era de ideoloxía socialista, outro anarquista, eran vexetarianos, me parece estupendo, pero tamén comenta que a Sra.Perfecta foi matada nese acto e sen embargo non a menciona; quero dicir con isto que se vé o fondo político senón terían vostedes que pedir que fora glorieta dos Ineses e da señora Perfecta, porque tamén era veciña de Sabaris; o fondo desta moción que vostedes presentan é político, e obviamente non está no tempo; isto foi nunha época e non vemos o motivo de que teña que traerse neste momento, así que o noso voto vai ser en contra, obviamente.

SR.LORES, PSOE.- Por parte do partido socialista votamos a favor de que se adique unha rotonda ou glorieta ó Xeneral Peralba pola súa traxectoria digamos en defensa da democracia nos momentos máis difíciles dentro dun sector naquel momento moi complicado como era o Exército cunha tradición e unha herencia franquista moi pronunciada naqueles momentos, polo tanto, antidemocrática, que non recoñecía naquel momento o valor da sociedade civil senón da sociedade militar, naquelas épocas duras para moitos sempre se falaba do ruído de sables, de que van a dicir os militares, e este home veciño de Sabaris e con cargos de moitísima responsabilidade no mando militar apostou pola democracia e polo valor do poder civil, polo tanto nós estivemos a favor desa glorieta.

Agora, por parte do grupo do BNG, presentase tamén que haxa un recoñecemento a 2 ou 3 persoas que noutros momentos moi difíciles, que foron os momentos do golpe de Estado que deron as forzas do Xeneral Franco, pasaron a unha represión dura, que agora xa nos vamos aquí a valorar porque iso está



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

xa practicamente asumido e valorado por toda a convivencia democrática do Estado Español, pero sí que estas tres persoas foron persoas que se adicaron á divulgación cultural, a loitar por unha convivencia pacífica, pola convivencia do poder civil en contra dos movementos militares que tiñan a característica de ser represores; polo tanto non tiveron a oportunidade de seguir vivendo para demostrar e para seguir desenrolando a súa valía profesional, cultural, e social. Despois de tantos anos, e incluso durante a permanencia da dictadura durante 40 anos, estas persoas non é que soamente foran asasinadas, quitándolles a vida, senón que tamén se lles quitou a posibilidade de ser recordadas e de ser incluso choradas polos seus veciños e polos seus familiares; creo que é de xustiza neste momento recoñecer o valor e o traballo que fixeron dende a máis absoluta clandestinidade e dende a máis absoluta penuria social polos valores da sociedade civil e polos valores da sociedade democrática, polo tanto nós estamos absolutamente a favor e creemos que é un mérito que se lle debe recoñecer a todas aquelas persoas que foron significadas e que foron represaliadas por defender o poder democrático e o poder civil. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Dende o noso grupo político quixeramos analizar esta moción con todo o respecto que nos merece porque ven dende un grupo político representativo como é o BNG, pero quixeramos facélo dende un espírito de reconciliación democrática, é dicir, dende o que foi o auténtico espírito da transición política en España que supuxo a reconciliación. Ademais quero facélo dende a óptica do que foi a Esquerda na época da sublevación militar por parte do Xeneral Franco que estableceu un réxime dictatorial durante máis de 40 anos impedíndolle ó país o que é a participación democrática, independentemente do desenrolo económico que puido sufrir España como consecuencia do traballo fundamentalmente dos españois, é unha política de xestión económica que nadie nega, que sen lugar a dúbidas transformou o país dunha época de fame e de precariedade a unha época que posibilitou un tránsito á democracia cunha gran clase media no país, cousa que non ocorreu noutros países, como é o caso do veciño Portugal onde a transición económica se fixo doutro xeito pero ó non existir unha clase

media consolidada evita que o país poida prosperar, non é o caso de España, afortunadamente en España sí había unha clase media productiva posiblemente dun réxime dictatorial pero todos somos fillos desa clase media; pero dende unha óptica de esquerdas e dende Baiona creo que evidentemente pórille unha rotonda a estas dúas persoas, que merecen todo o meu respecto, podemos caer no erro de olvidar a outras persoas que tamén foron represaliadas e que foron significativas dentro da historia da República, algúns deles, eu me acordo, por exemplo, D. Jose Blanco, que fora capitán de navío, recoñecido pola súa vinculación á República, era mestre, e tivo que emigrar tamén de Baiona represaliado incluso na postguerra e foi un baionés ilustre que todos coñecen, que faleceu recentemente, e por certo, no seu enterro non mirei a ningún representante da Esquerda, non houbo ningún, a pesar de ser él un home de claras conviccións republicanas, de ser a persoa que dirixiu o combate cando se fundiu ao cruceiro Baleares, él era capitán dun dos barcos da República daquel conflito bélico que fundiu ó Baleares, que foi trágico, pero él cumpríu a súa misión en defensa da República, e nadie da Esquerda se acordou dél; eu sí, eu sí porque era un home vinculado ó ensino e era amigo persoal meu, e viviu a traxedia do que supuxo a postguerra dunha maneira terrible porque aquí lle impediron ser mestre e tivo que emigrar a Bós Aires e logo regresou a Baiona onde foi administrativo do Clube de lates, onde se xubilou, e logo se lle recoñeceu o grado de Capitán de navío.

Esta moción que presenta o BNG vai contra o espírito da reconciliación; este espírito é o que propiciou a transición á democracia, e de feito aínda hai moito que facer nese senso, e eu son partidario, e vaise nesa liña, de retirar das igrexas os nomes dos que morreron defendendo a causa nacional, pero é que eran xentes do pobo, xentes que ian obrigadas porque non todos o que morreron polo bando nacional o fixeron de maneira voluntaria, foron movilizadas; as quintas, cando Franco movilizou ás quintas, que xa estaban licenciadas, foron porque non lles quedou máis remedio, ¿é que esas xentes non foron tamén vítimas da guerra?, foron tan vítimas como os demais, posiblemente máis, tiñan que ir obrigados. Creo que nunha traxedia como foi a Guerra Civil española hai mártires por tódolos lados, tanto por uns como por outros; e xente que morreu no fronte defendendo o réxime franquista, non eran franquistas, foron movilizadas; polo tanto hai que ser moi sensibles con este tema, hai que defender o espírito da reconciliación, nunca debemos personalizar con persoas que tamén foron vítimas, que eu non digo que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

non o foran, pero creo que en España nos esquecemos moi facilmente do que representou a transición democrática, e para os que dalgún xeito tiñamos inxerencias políticas daquela a democracia posibilitou que hoxe estemos aquí nos Concellos, porque pudemos participar libremente; daquela non se podía. E ún dos grandes logros da transición democracia é olvidar, a memoria histórica é algo que rexurde agora e creo que é un erro por parte da Esquerda sacála porque tamén se olvida a outras persoas que tiveron auténtico espírito republicano.

Polo tanto nós creemos que esta moción non debe prosperar, pero non debe prosperar por respecto ás persoas que se poden olvidar e que tamén foron vítimas da Guerra Civil, e que por unhas razóns ou por outras, non se lles menciona; creo que calquer tema destes debe tratarse de xeito xenérico pero nunca de xeito individual; quero que se entenda que nós, co maior respecto ata os Ineses, e ata a persoa que lles daba apoio naquel momento, creemos que non se debe chegar á situación de darlle o nome a unha calle porque ante todo está a reconciliación de todos os baioneses, e por certo, hai familias xa moi mezcladas, tanto dun lado como doutro, e hoxe en día falar deses temas en Baiona ao mellor é patinar porque afortunadamente pasaron moitas xeneracións, se mezclaron familias de dereitas e de esquerdas, falanxistas con comunistas, e ó final creo que iso é o que nos debe facer a nós, ós que temos responsabilidades de goberno, tomar decisións reconciliadoras e non decisións como ésta que dalgún xeito poden ferir susceptibilidades; por todo isto estamos en contra, non polo que representan esas persoas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creo que o portavoz do PP non entendeu o espírito da moción, isto non é alternativa ningunha; o que hai que ter, Sr.Rodal, é un pouco de madurez política, nada máis, madurez política. Nós, o outro día, suscribimos unha moción dunha persoa que evidentemente aquí todos nos

coñecemos e sabemos cales son as vinculacións políticas, pero non por iso deixamos de recoñecer o seu mérito na súa profesión e o espírito que ten como veciño, aínda que non sexa da nosa liña política; nos dá igual. Vostedes non, vostedes non analizan a situación do mesmo xeito; vostedes nunca xamais apoiarán unha proposta onde a radiografía do individuo saia de cór vermello, nunca xamais, e ahí está a diferenza entre a esquerda e a dereita.

Tampouco é un problema de alterar a reconciliación, Sr.Vilar, para nada en absoluto; non é un problema de levantar vellas feridas, como sole decir a dereita; o outro día estiveron rememorando un acto da memoria histórica, cando se botou fora os franceses de España, e de Galiza, e de Vigo, e nadie se rasga as vestiduras, ¿porqué se rasgan as vestiduras aquí?, ¿é que acaso se sinten aludidos?, esa non é a nosa intención; a nosa intención non é decirlle á dereita “foron vostedes os que mataron”, é que non o sei si o foron ou non; eu sei que houbo uns asesinos e uns asesinados, e foron asesinados porque pensaban diferente que os asesinos, nin máis nin menos; pensaban diferente e eran persoas moi significadas no pobo, non eran persoas calquera; unha veciña máis era a señora que mataron, era unha veciña que cadrou naquel momento que estaba alí e tamén a levaron por diante, e cadrou que era a que lles daba apoio loxístico, dirían agora; eles non, eles foron obxectivos a eliminar, como facían os nazis cos xudeos, eran obxectivos a eliminar polo que representaban, e os señores matarifes foron uns asesinos, e poden ser de dereitas ou de esquerdas, pero eran uns asesinos; o cabo Pena podía ser todo o Garda Civil que quixera, era un auténtico asesino que matou a moita xente naquela época, e se valeu do seu cargo para matálos, porque pensaban diferente a él e iso non lle interesaba, ao mellor incluso por razóns económicas; iso foi así, na postguerra houbo moita xente que se decantou dun lado por intereses económicos porque lle querían sacar a finca ó veciño que estaba alí ó lado e a única maneira era eliminando, e o eliminaron; estes foron, por ideoloxía, un obxectivo político; e para nós iso é o importante; conforme foi importante a Moción da glorieta de Cholo, para nós era importante, nós temos a suficiente madurez para aprobar esa Moción, pero pido que tamén o goberno local teña madurez suficiente para aprobar ésta; e si vostede Sr.Vilar cree que o Sr.José Blanco, militar represaliado, amigo seu, que debe ter unha rúa en Baiona ¿porqué non o propón?, fágao, e nós dirémoslle “creemos que sí, por este motivo; ou creemos que non”, xa o fixemos noutras ocasións, creíamos que estaba fora de lugar que o Xeneral Franco tivera unha rúa, que Primo de Rivera tivera unha rúa, e que os guerrilleiros de Cristo Rey tiveran unha rúa en Baiona, e retiráronse, e vostede apiounos, ademáis; creíamos que estaban fora de lugar e que ademáis impedía, non a reconciliación, pero sí que fería sensibilidais, se retiraron e non pasou nada, como non ten que pasar con isto; hai moita xente que coñece a historia dos Ineses, en Sabarís sobre todo, porque estaban moi vinculados a este pobo. Non queremos que nadie se sinta aludido conforme a estes asesinatos, por suposto que non, porque senón sería levantar feridas, evidentemente, e estamos lexos desa historia; se fixo un monumento dos Nove, está ahí, por certo lle pediría (creo que vostede é o responsable) a ver si pode mandar os xardiñeiros porque está feito unha auténtica selva.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Perdoe Sr.Fernández, o monumento dos Nove non foi entregado a este Concello e así se quedou por parte da Comisión, que tería que facer unha entrega, e mentres, evidentemente, terían que coidálo eles.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Recollo a súa indicación e queda trasladada, ademáis hai aquí membros da Comisión; en todo caso lle pediríamos que si poideran adecentaran aquilo.

A nosa proposta a seguimos mantendo, por suposto, e pediríamos un exercicio de madurez do goberno local e que nos apoie nesta moción. Nada máis, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Sinceramente creo que o que se quer levar aquí a debate é un enfrentamento político claro, que se presente vía urxencia no mesmo día que se acorda e se aproba dar nome a unha glorieta, cando isto foi un acordo despois de varias reunións de tódolos grupos políticos, de todos, e presentada en Pleno despois de falarlo previamente, e resulta que no mesmo Pleno que se leva iso con acordo

unánime aparece por urxencia unha moción de dúas persoas asasinadas fai 70 anos, dende logo si eso non é provocar non sei o que é provocar.

Nós respetamos profundamente a estas dúas persoas, e fíxese, vostede cando fai o relato do que pasou (que o relata vostede, eu non o coñezco), nese momento, nese período, nese día, morreron 4 persoas, foron asasinadas 4 persoas en Baiona, pero tamén podía falar dos 9; pero no relato que vostede fixo fala de 4 asasinatos, fruto do mesmo enfrentamento, pero nós non entramos neste tema, respetamos profundamente a estes 2 irmáns, tamén á señora, e ó outro cidadán non o coñecemos de nada, pero entendemos que para darlle unha glorieta a alguén ten que ter méritos moi, moi por encima, da media, e por iso lóxicamente en Baiona non ten glorieta ou rúa calquer persoa.

Ademáis decir tamén que ún déles, según o propio relato seu, non estaba dacordo cos criterios democráticos porque un anarquista non está defendendo un Estado democrático; por iso me extrana que ó PSOE se lle nublara a vista e como dí que ún era socialista, hai que votar; ún déles era anarquista, e un anarquista non defende os principios democráticos, igual que un fascista tampouco os defende; polo tanto creo que nese caso non é un modelo. Eu respeto todo o ideario político que poidan ter as persoas, pero iso non significa que dende un Concello democrático teñamos que dar unha glorieta a unha persoa que dende logo non respetaba o que era a democracia. Ademáis entendemos, como decía antes Manolo Vilar, D.Pepe Kodak, coñecido popularmente, unha persoa entrañable, eu o coñecín un pouquiño, á sua muller, á sua familia, e como D.José Blanco hai moitas vítimas, desgraciadamente, un desastre, unha guerra entre irmáns, e nós estamos en contra de toda violencia, de toda morte dun ser humano, entón traer isto anos despois, empezar a revolver todo isto, creo que non é de recibo, e nós non vamos a entrar neste tema. Deixando clara a nosa condena total e absoluta de calquer réxime non democrático e de calquer morte dun ser humano, non podemos apoiar esta moción porque entendemos que os méritos que se presentan destes dous veciños non son para darlle unha glorieta, e digo isto dende o respecto persoal a esas persoas, cunha valoración que temos que facer non en quente senón analizando o que é a representación dunha rúa ou dunha glorieta do noso Concello ten que ter criterios determinados, e para nós, desgraciadamente, estas persoas non as reúnen, e temos que decilo así; o fácil é levantar o brazo para decir que apoiamos esta moción, pero creemos que non seríamos xustos nin con eles nin con outra moita xente do Concello de Baiona.

SR.LORES, PSOE.- Para centrarme un pouco, en principio en ningún momento podo dudar da capacidade democrática e do interés por defender a todos por parte desta Corporación, eu respeto absolutamente a calquer persoa e nos debates que poidan abrir feridas neste campo hai que ser cautelosos e hai que ser sensibles nas intervencións; por suposto que o PP, CMÑ, BNG, e PSOE, abrazamos a reconciliación e estamos nela, polo tanto calquer plantexamento que se faga por parte de calquer dos grupos democráticos que aquí estamos nunca van a ter un obxectivo de reabrir feridas que están pechadas, iso vamos a darllo por feito. Persoalmente eu convivín co meu pai, que era Xefe Local do Movemento, e coa miña nai, que era filla dun republicano perseguido e torturado, polo tanto durante 40 anos convivimos na mesma familia os 2 bandos que estaban en loita, e a experiencia que teño é de absoluto diálogo e de absoluto respecto ás ideas e non os feitos que se fixeron por ún e polo outro bando; polo tanto a persoa que lles fala respeta, incluso, as formas de estar do Movemento e da Falanxe sempre e cando non tiveron aqueles feitos de agresividade e de terrorismo, igual que polo bando republicano se deron tamén persecucións e torturas; polo tanto creo que as dúas facions eran, como decía o Alcalde, eran grupos irmáns, que ó final, por un fanatismo ou polo que fora, pola fame fundamentalmente, tiveron que loitar nos dous frentes, e o meu pai foi ferido no fronte de Teruel nas tropas nacionais. Polo tanto, eu teño o máximo interés en que a convivencia que eu vivín durante 40 anos, en plena dictadura, non se rache nestes momentos que estamos nun período democrático e que costou moitas vidas, por un bando e por outro, para que hoxe aquí podamos estar falando os que pensamos dunha forma e os que pensamos doutra; iso que vaia por diante.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

En canto a este recoñecemento que se quer facer a estes 2 irmáns, eu creo que esta xente foi vítima e matáronna, non digo que foran nin uns nin os outros, senón que os que dispararon ao mellor non teñen a culpa e non teñen ao mellor que levar a tilde de asesinos senón que aquelas eran circunstancias moi específicas polas ideas e polos valores democráticos; o que dí o Alcalde do anarquismo, de que en principio non asume nin defende a estrutura democrática, pero sí a asume, non a defende pero sí a asume, está disposto a convivir coas súas ideas dentro da estrutura democrática e así temos ó Sindicato, CGT, que asume absolutamente todas as normas aínda que despois eles nos seus valores teñen outro tipo de sistemas que nós non compartimos, pero que eles teñen todo o dereito dentro das normas da legalidade e da convivencia en poder defendélas.

Se día aquí que tamén hai máis xente, indudablemente, tamén hai máis veciños de Baiona que poderían ser fillos predilectos, moitos fillos que poderían ser predilectos, e nós ó final decantamonos por uns ou por outros, con absoluto respecto; e cando se nomea a un fillo predilecto non se está humillando ó resto dos baioneses, nin moito menos, ¿e que hai moitos que o poden ser? por suposto, e cada ún de nós pode ter 3 ou 4; pero aquí o único que se pretende é facer un recoñecemento ao que representaron estas persoas naquel momento, nada máis; como un signo de concordia, non como signo de división; valorar a estas persoas que estiveron en situacións precarias e que foron represaliadas e mortas, que non poideron defender por medio da palabra as súas ideas e que lle cortaron a vida, eu creo que é un símbolo de concordia, non de división, por iso nós apoiamos esta Moción.

Isto xa non é algo que se presenta aquí de repente; nós, no último Pleno, tampouco votamos a urxencia desta moción porque non nos gustaba o procedemento; agora estamos totalmente a favor do contido e tamén do procedemento posto que pasou por Comisión Informativa e tódolos grupos poideron falar e dar as súas opinións. Moitas grazas, o noso voto vai ser favorable.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O longo de todo o debate se ten falado de reconciliación e eu considero que é unha palabra que non debera de nomearse, polo menos pola miña parte eu non teño que reconciliarme con nadie porque non teño nada en contra de ninguén neste aspecto; o que sí creo é que deberamos recoñecer a memoria histórica e nese ámbito ía dirixido o espírito desta Moción, por un simple feito: o pobo que non ten memoria está condenado a repetir a súa historia, e nada máis lexos do noso desexo entrar nunha situación similar ou parecida.

E unha pena que o goberno local siga vendo esta proposta, así como outras que presenta a oposición, dende unha visión política errónea, creemos que está equivocado e que é unha pena que esta xente non teña un recoñecemento por parte de todos nós, pero estou seguro que senón é agora será noutro momento máis oportuno cando este tema se volva a traer a este Pleno e se aprobe, nada máis, moitas grazas.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación da Moción do BNG, resultando: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal resulta rexeitada.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

5.2.- MOCION URXENTE DO PP e CMÑ.- SR.RODAL, PP.- Esta moción ven dada porque sobre todo ultimamente hai un montón de peticións de distintas entidades sociais, veciñais, de que o servizo de Correos non é óptimo, sobre todo no reparto, por isto creemos que é necesaria e urxente esta Moción.

Sometida a Urxencia da Moción a votación polo Sr.Alcalde, resulta: votos en contra, 5,PSOE; votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG), polo cal fica aprobada a Urxencia.

(Neste intre abandona a Sala o Sr. Manuel A. Gonzalez Marcote, do PSOE)

Os portavoces dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan a seguinte MOCION para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

O servizo de Correos é fundamental para o desenvolvemento dun país. Durante anos foi o servizo que regulaba as relacións sociais e económicas dos pobos. A Sociedade Estatal Correos ten entre as súas prioridades básicas para tódalas áreas e para tódalas persoas a calidade, a eficiencia e a innovación. En Baiona sempre valorouse este servizo.

Debido ao crecemento da poboación e a problemas de xestión produciuse nos últimos tempos un deterioro grave deste servizo, ao aumentar de forma importante os tempos de entrega.

Diferentes asociacións de empresarios, de veciños, sindicais,... mostraron nos últimos días o seu malestar.

O Concello de Baiona ten a obriga de velar polos intereses dos seus veciños e pola mellora dos servizos públicos.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Baiona insta á Sociedade Correos a:

1. **Aumentar o número de efectivos na oficina de Baiona que posibilite un tempo adecuado de entrega dos paquetes postais e igual para calquer veciño viva onde viva dentro do Concello.**
2. **Ampliar o horario de atención ao público, para que este servizo poda ser utilizado pola maior cantidade de veciños.**

CONTINUA.- O motivo da Moción é o que explicaba antes, esta urxencia é porque o que se pide é que se amplíe o horario de reparto postal, que é de 3 ou 4 horas, que se amplíe posto que no noso Municipio está crecendo, agora temos a zona dos Tendais, dos PERIS de Sabarís, e hai un montón de problemas e queixas reiteradas dos veciños polo motivo do retraso postal ás súas casas; ademais Baiona conta co problema obvio do verán cando a nosa poboación triplicase; creemos que últimamente o servizo xa é demasiado deficitario e por isto traemos esta Moción.

SR.ESTEBEVEZ, PSOE.- Eu vou a atreverme a clasificar esta Moción como Rogo, Sr.Alcalde, isto é un Rogo; agora que ten competencias na clasificación dos documentos presentados pola oposición como mocións, rogos, ou preguntas, realmente esta Moción é un Rogo, ¿a xustificación da Urxencia que teñen vostedes?, eu estou alucinado dos argumentos, da seriedade, e do rigor; dice a Moción (que para mín é un Rogo): “En Baiona sempre valorouse este servizo”, obviamente, en calquera sitio; “debido ó crecemento da poboación nos últimos tempos”, riguroso; “diferentes asociacións de empresarios, de veciños, sindicais, mostraron nos últimos días a súa malestar”, se haberán enterado vostedes agora porque xa no 2004, no 2005, no 2006, no 2007, non só as asociacións de empresarios mostraron



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

malestar pola situación senón os empresarios individualmente tamén, e os veciños individualmente tamén, quizás para vostedes a Urxencia é porque acaban de enterarse agora mesmo.

Despois dí: "O Concello de Baiona ten a obriga de velar polos intereses dos seus veciños e pola mellora dos servizos públicos", xestión de goberno, non é unha moción política; e obviamente tamén, como falabamos na Comisión Informativa, estamos no fondo absolutamente de acordo co contido, coa solicitude; agora, que isto sexa unha moción por urxencia, baseada en que nos últimos días mostraron o malestar, non ten ningunha consistencia; non ten consistencia ningunha a exposición de motivos, de ahí que se poida considerar como un Rogo, polo cal, a nosa postura é de abstención.

SR.ALCALDE.- Sr.Estévez, o único decirlle que pode considerálo vostede como queira, como un Rogo ou como unha Moción; simplemente ten que pasar por un período electoral e ser elixido Alcalde, nese momento poderá facélo, non hai ningún problema, despois é o criterio e o respetaremos, é así.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Teño dúbidas de vostede na clasificación dos documentos; ten vostede moitísimas competencias legais como presidir o Pleno, convocar, voto de calidade, e facer o Orde do Día, pero obviamente dubido da potestade de clasificación; quizá vostede como médico diagnostique, pero clasificar documentos; nada máis.

SR.ALCALDE.- O Orde do Día o establece o Alcalde, é así. Fai un momento se recoñeceu por parte do Alcalde-Presidente que houbo un erro coa moción do BNG, entón se dixo como se arreglaba o tema e se arreglou, non foi ningunha imposición. Non é decirlle ó PSOE non, e ó BNG sí, simplemente que temos un criterio, ¿qué pode ser equivocado ou non?, pero é o criterio que ten o Alcalde; non hai 2 Alcaldes, nin 3, nin 15, hai 1, bó ou malo, pero establece ese criterio.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Por suposto que fai vostede o Orde do Día, o acabo de decir, pero ten unha nova competencia que acaba de aplicar, que non fixo nunca, que é clasificar documentos da oposición.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Volvo a decir unha vez máis, Sr.Alcalde, que non é bó pasar o rodillo, non é bó porque neste caso vostede pasa o rodillo e non pasa nada, pero ao mellor dentro de pouco necesita da oposición para sacar cuestións adiante, entón non pase sempre o rodillo porque as veces o rodillo se volve en contra de ún; é bó ter un pouquiño de manga ancha e flexibilidade.

SR.ALCALDE.- Acabamos de téla coa Moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nós tamén con vostede, e sabe ben a que me refiro; por iso tivo vostede manga ancha con nós, porque nós tamén a tivemos con vostede; tiñamos a sartén polo mango. En todo caso esta moción víu similar fai 2 ou 3 Plenos, víu aquí unha moción de Correos presentada polo BNG, era similar; isto debe ser para incrementar a estadística de mocións, e ó final van a decir que puxeron unha máis.

O BNG anticipouselle un pouquiño nesta cuestión xa que presentamos unha proposición non de Lei no Parlamento Español fai cuestión de 1 mes, aproximadamente; igual vostedes teñen noticias déla, ou non, en todo caso nós sí a temos, a compañeira Olaia a presentou, e creo que incluso había saído o día seguinte unha nota de prensa dos empresarios, concretamente de Sabarís. En Sabarís o servizo de Correos é caótico, ata chegar a crear verdadeiros problemas nas parroquias; eu sufrin persoalmente que polo atraso e o mal funcionamento de Correos teño unha proposición de retirada de 6 puntos do carnet de conducir, sen ir no coche, sen ir no vehículo; é decir, por falta de funcionamento de Correos, e a directora de Correos o sabe; é unha cuestión gravísima que espero que se resolva satisfactoriamente. En todo caso, conforme me pasa a mín esta situación e a estou vivindo agora mesmo, hai moitísimos veciños que están vivindo a mesma situación noutros térmos. Podemos decir que a Moción é un Rogo, como podemos decir que a que presentou o PSOE tamén, é unha cuestión de puntos de vista e nós non vamos a entrar nesa cuestión; vamos a apoiar este tema, evidentemente, porque son case as mesmas propostas que fixemos nós no Parlamento Español creo que fai un mes, a compañeira Olaia estivo en



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

contacto con nós para leválo adiante e estamos esperando a contestación a esta proposición. Vamos apoiar a Moción.

SR.ALCALDE.- Precisamente de iso se trata, de aunar esforzos para mellorar, neste caso, o mal funcionamento dun servizo estatal aquí en Baiona.

SR.VILAR, CMÑ.- Quixera facer unha matización sobre a diferenza da moción que había presentado o PSOE; o PSOE sabe que nós diriximonos de palabra ó Presidente de Portos para que nos deixara balizar, non se ocultou nada, él nos dixo que máis ou menos sí, que se marcara unha liña dende onde está o recheo do traveling en dirección ó Clube, e máis ou menos nesa liña se sabía que se ía facer así, e eu non dudo aínda que temos un permiso verbal, porque tampouco pode ser doutro xeito porque por escrito non no lo van a poder dar porque entón invadiríamos competencias; pero era un tema que xa estaba en marcha, ou sexa que facer unha Moción sobre un acordo que sabemos que non nos poden contestar por escrito non nos parece unha cousa boa, máxime por respetar un pouco a palabra do Presidente de Portos.

En cambio sí que esta Moción ten un sentido porque se trata de dirixirnos a un Organismo estatal como é o servizo de Correos, e sempre se fai moita máis forza cunha iniciativa a través dunha moción; é certo que se presenta por Urxencia porque se esqueceu o outro día de presentála na Comisión Informativa, por iso a presentan o PP e CMÑ; os demais partidos poden adherirse de moitos xeitos, apoiándoa co seu voto ou figurando ahí tamén como ponentes da moción. Non pasou por Informativa porque se olvidou, por iso ven por urxencia. Eu creo que debe figurar como Moción posto que Baiona xa é practicamente unha cidade, ten unha oficiña de servizo de Correos, que penso que incluso os propios traballadores reclamarían que estivese aberta máis horas, sobre todo no período estacional, e nós debemos de insistir sempre en que hai 2 Baionas: unha, no inverno, e outra no verán cando a poboación se triplica e polo tanto o servizo de correos tamén se triplica na mesma proporción, e para evitar casos como o que lle pasou ó compañeiro Xosé Enrique, a quen agora lle van a sacar 6 puntos do carnet de conducir, porque llo comunicaron sen tempo ou fora de prazo, iso lle pode pasar a calquer outro veciño, por isto esta Moción está máis que xustificada. Nós vamos a votar a favor e creemos que é convinte apoiála.

SR.RODAL, PP.- Comentar o que decía Manolo Vilar, que realmente o tema do balizamento é un Rogo, porque realmente é un rogo que persoalmente se podía facer ó Conselleiro de Medio Ambiente posto que o tema de balizamento é potestade dél, e sen embargo esta Moción se trae ó Pleno para que adquira unha magnitude superior para ir a este Organismo público que é Correos.

Tamén dicir, como portavoz do PP, que o PP é un partido democrático e tratamos a todos por igual, aínda que vostedes antes comentaran que non; e creo recordar que dende que estamos gobernando nós, por exemplo cando é a comida da 3ª Idade, vostedes sempre están sentados con nós na mesa presidencial, sen embargo cando vostedes gobernaban tiveron o detalle de poñernos cos empregados, abaixo; de tódolos xeitos comimos moi a gusto con eles; creo que iso non é democracia, nós sí somos tolerantes.

SR.ALCALDE.- Grandes verdades.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- O código de Réxime Local ten que ter dous volumes máis, polo menos. Resumindo, e sacando as mesmas conclusións que na Comisión Informativa do Sr.Manolo Vilar, estamos de acordo realmente coas solicitudes, obviamente queremos que o servizo de Correos sexa mellor, e incluso eu persoalmente, como empresario, como membro da Asociación de Empresarios, levo persoalmente facendo esas reivindicacións dende o ano 2004; agora ben, a Urxencia non se xustifica, as formas non se xustifican, e por suposto que o Concello de Baiona ten a obriga de velar polos intereses dos veciños e pola mellora dos servizos públicos, para iso gobernan, pero despois ¿cómo categorizar ou clasificar o contido dunha Moción, dun Rogo?; é máis racional e adecuado estes dous puntos que quizá os que presentemos nós, pode ser, pero a súa argumentación e a súa redacción non é así, porque pedir



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

un tempo adecuado de entrega ¿cánto é?, ¿5 minutos, 20, 1 día?, 2º punto: “ampliar o horario de atención ó público”, ¿48 horas; o convenio permitirá isto?, non está xustificada a Moción; como Rogo, sí, se solicita ó servizo de Correos ampliar o horario de atención ó público, como calquera cidadán ; agora, que o Pleno do Concello de Baiona teña que facer isto, non.

SR.ALCALDE.- Non pode clasificar vostede, eu tampouco clasifico, eu o que digo é que no Orde do Día entran estas mocións, ou non entran, e o que lle dixemos é ben presentála como Rogo, ou como moción de Urgencia, pero non dentro do Orde do Día porque isto o fago eu e entendemos que está ben así.

Polo Sr.Alcalde se somete a votación a presente Moción, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 4 abstencións, PSOE.

Polo cal, o Pleno, por maioría absoluta, acorda:

-INSTAR Á SOCIEDADE ESTATAL CORREOS a:

- 1. Aumentar o número de efectivos na oficiña de Baiona que posibilite un tempo adecuado de entrega dos paquetes postais e igual para calquer veciño viva onde viva dentro do Concello.**
- 2. Ampliar o horario de atención ao público, para que este servizo poda ser utilizado pola maior cantidade de veciños.**

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

- ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:

1º.- Detrás desta carpa que temos ahí instalada que xa leva 14 ou 15 días, xustamente por detrás e cara ó camiño da Misericordia, hai restos da celebración de Feria de Abril, aceite e demáis; o **ROGO** é que se proceda a súa limpeza posto que hai cheiros incluso na Praza da Misericordia.

2º.- Este **ROGO** sí que vai para o Alcalde e ten que ver coa clasificación; eu digolle ó Sr.Alcalde que fai ben, que dirixa o seu grupo municipal e que dea as instrucións suficientes do que debe ser un Rogo, unha pregunta, unha enmenda, ou unha proposición non de Lei; pero con respecto ó grupo socialista deixenos a nós que digamos si é un Rogo, unha pregunta, unha enmenda, ou unha moción, e vostede o que ten que facer é apoiála ou non apoiála. Neste caso a moción que o grupo socialista presentaba, que xa non vamos a falar dela porque xa se discutíu na Comisión Informativa que parece que todos os grupos estabamos de acordo, non ía dirixida a ningún Presidente de Portos, nin nada, pero ¿deciden que sexa un Rogo?, pois non, apoienla ou non, pero os comentarios os xustos, ou sexa, decidimos nós si é un Rogo, unha pregunta, ou unha moción.

3º.- Outro **ROGO** ou reflexión: eu supoño que está dentro da norma do procedemento, non o discuto, que se convoque o Pleno antes do dictame da Comisión Informativa, posiblemente non haxa ningún problema de procedemento, pero a sensación que se recibe é de que á Comisión Informativa excusamos de ir, excusamos de ir porque si xa o equipo de goberno xa presenta a orde do Día sen o dictámen, sen vir dictaminado; a Orde do Día faina o Alcalde, non cabe ningunha dúbida, pero bueno, polo menos, as formas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, ocorreu neste caso porque habíamos chegado ó acordo de cambiar o Pleno de hoxe; a señora Secretaria dixo que o correcto era facélo desa forma. De todas formas, dentro dese orde do Día que ía xa pactado houbo unha corrección como foi a moción presentada polo BNG que se meteu aquí; sempre hai moitas posibilidades.

A mín me preocupa máis que as Comisións Informativas non sirvan para nada porque non se discuta nada e sempre se absteñen; eu de verdade que preferiría unha Comisión onde faláramos e comentáramos os problemas que hai, que é o que podemos cambiar, etc., pero é que chegamos á Comisión Informativa e: “¿algún comentario?, nada, a votar, abstención”; de verdade o digo, non é unha orde, é un ROGO: sería moito mellor para todos, e sobre todo para Baiona, poder discutir, porque ó mellor chegaríamos aquí coas mocións acordadas de forma unánime, e ¿porqué sería mellor? porque se enriquecen, porque as mocións evidentemente canta máis xente colabore nélas irán adiante moito mellor; pido eso, se pode ser. Repito que o tema que ocorreu foi polo cambio do Pleno, simplemente.

PREGUNTAS DO PSOE.- SR.ESTEVES:

1º.- ¿Qué pasou co punto “DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA”?

SR.ALCALDE.- Xa comentouse, houbo un erro na notificación da relación entón se retira ese punto, e se presentarán en próximo Pleno.

2º.- ¿Qué é isto de “SECRETARIA.MAU-espina 11.4.08?, tocado e fundido; dende a información que temos, pregunto ¿non podía ser menos “indio”, con todo o respecto do mundo?

SRA.SECRETARIA.- Tenemos una base de datos y al pasar los Decretos no deja sitio suficiente para especificar. Lo de “Secretaria.Mau” es la identificación de la persona que lo pasa al servidor.

ROGOS DO B.N.G.- SRA.RODRIGUEZ:

1º.- Este **ROGO** vai en relación ás preguntas que fixeramos no Pleno anterior, unha délas era ¿de quen era competencia o paso de peóns que se pintou para as obras de ESPINA E DELFIN?, e vostede contestou que era da COPTOPT. O paso de peóns segue igual, está mal borrado, entón **ROGARIAMOSLLE** que se dirixira á Consellería de Política Territorial ou a quen sexa para que realmente borre ou pinte de negro ese paso de peóns; está mal, parece que existe pero non está a sinal vertical.

2º.- Solicitamos tamén unha copia dos recibos de cobro da madeira talada no Plan Parcial Virxe da Rocha.

SR.ALCALDE.- O solicita por escrito.

- **¿Teño que facélo por escrito aínda que o pida aquí?**

3º.- PREGARIALLE que se nun Pleno dí que nos vai convidar vostede a unha roda de prensa, cando realmente a convoque non se esqueza de avisarnos.

RESPOSTAS DO GRUPO DE GOBERNO (SRA.MARCOTE, PP) ás preguntas do BNG do Pleno do 3.abril.08.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

1º.- ¿Cando foron notificados os vendedores de peixe, concesionarios da Praza de Abastos de que debían abandonar os postos para acometer as obras de impermeabilización?.

- Con más de 1 mes de antelación.

2º.-¿Qué prazo se lles deu?.

- Eligieron los pescadores el plazo y estuvieron de acuerdo en realizar las obras.

3º.-¿A qué acordos chegaron con eles sobre a sua situación durante a duración das obras?.

- Se acordó la instalación de bancadas provisionales.

4º.-¿Considera o goberno apropiadas as bancadas nas que están instalados?.

- Si, son apropiadas para el Concello y para los propios vendedores puesto que fueron ellos los que determinaron las condiciones en las que tenían que estar las bancadas.

5º.-¿Non foi posible instalalos en outras condicións?.

- Las condiciones en que fueron instalados fueron fruto del acuerdo entre el Concello y los pescadores.

6º.-¿Cando comezaron as obras?.

- El 26 de marzo, fecha elegida por considerar que era la más apropiada para realizar las obras puesto que era fin de mes, y además era después de Semana Santa, periodo en el que se realiza una fuerte venta de pescado.

7º.-¿Cánto van a durar?.

- Una semana.

8º.-¿Quen leva o control sobre elas?.

- El Concello.

9º.-¿Considerase a marcha das mesmas normal ou máis ben lenta?.

- Según lo previsto.

10º.-¿Van a repercutir en algo para mellorar a situación dos vendedores?.

- La repercusión es indiscutible porque contribuye de manera importante a la conservación de los puestos ya que se impermeabiliza la zona de trabajo.

11º.-¿Estáanse tomando medidas para controlar a venda ambulante de peixe prohibida na ordenanza municipal?.

- Si.

12º.-¿Cales?.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

- Las medidas establecidas legalmente.

13º.-¿Existen expedientes abertos? ¿cántos?.

- Si, uno.

14º.- En caso da existencia de expedientes. ¿Cómo se resolveron?.

- Los expedientes se resuelven siguiendo su curso legal y se adoptó la medida de establecer a un vendedor ambulante en la Plaza de Abastos de Sabarís.

15º.-¿Pensa o goberno mater a Praza de Abastos na situación actual?.

- La situación actual de la Plaza de Abastos por parte del Concello está en fase de ejecución por parte del Obradoiro de Emprego ERIZANA de la reforma de la planta sótano para crear un gran Centro de Formación municipal.

16º.-¿Vaise a tomar algunha medida para melloralala?.

- Se están haciendo mejoras en las infraestructura de los puestos y la adecuación de un pilón de lavado de pescado y la supresión de barreras arquitectónicas para el acceso al edificio tanto para el público como para carga y descarga.

17º.- Se nos paramos a observar, vemos que os visitantes e excursionistas que veñen a Baiona, ó ser porto de mar, entran na Praza de Abastos a ver o peixe cando pasan por ela, polo tanto ¿parécelle ó goberno que dá unha boa imaxe, sendo este un Concello mariñeiro e de Excelencia Turística?.

- La imagen que ofrece Baiona tanto a visitantes como a extranjeros es excelente entendido en un concepto global, y respecto a la Plaza de Abastos en concreto, su imagen fué, y sigue siendo, un atractivo más entre los muchos que ofrece la Villa de Baiona.

(Neste intre, unha vez comprobada a data de Rexistro de Entrada das preguntas para o Pleno de hoxe do PSOE, o Alcalde sinala que aínda foron entregadas á Secretaria o día de hoxe, as 11, polo cal respostaranse mañán si dera tempo.)

PREGUNTA DO BNG.- SRA.RODRIGUEZ: E con relación á madeira talada.

RESPOSTA DO SR.VILAR, CMÑ.- Con relación á madeira talada nunha parcela municipal do Plan Parcial Virxe da Rocha, próxima á vivenda de D.Miguel Mosquera, hai un expediente; expediente que se inicia cunha solicitude por parte de D.Miguel Mosquera polo perigo que entraban eses eucaliptos que estaban nunha vaguada sobre a sua vivenda; lóxicamente iniciamos uns informes, primeiro por parte do técnico municipal, técnico de Medio Ambiente, unha valoración; se pediu presuposto a varias empresas madereras para a tala, e lóxicamente a dificultade que entraba a tala e levála era grande, entón ó final os propios técnicos de Medio Ambiente informan que lóxicamente pois podería, polo propio custo da madeira, que a retiraran para evitar o perigo; iso foi o que se valorou, se cortou, e afortunadamente non houbo ningún percance nin accidente, que era o máis perigoso; e sobre todo co cumprimento da Lei medioambiental de que os árbores non poden invadir outras propiedades e moito menos cando hai vivendas. Todos estes pasos quedan perfectamente explicados cos correspondentes informes que están a disposición, como non pode ser doutro xeito, dos diferentes partidos políticos que queiran mirar este



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

expediente. Este é o resumo de como se levou a cabo este tema, en todo momento adaptado á legalidade, e sobre todo contando con que a seguridade das persoas e das vivendas cando hai árbores próximos é o prioritario. O expediente contou con tódolos informes correspondentes, incluíndo o de Secretaría.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e coarenta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.